

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 27 de xaneiro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32141.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de xaneiro de 2023.

2.32142.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA
“CONNECTADAS 2023” (Expte. 2022075085)

A Deputación de Pontevedra convoca para o ano 2023 unha nova edición do programa “Conectadas”, que ten por finalidade contribuír a mellora da empleabilidade das mulleres e o seu mantemento no mercado de traballo, superar os malestares das mulleres derivados da desigualdade de xénero, e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías como ferramenta de uso na vida cotiá. Para levar a cabo este programa o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases para regular a concesión de axudas que van destinadas a asociacións e federacións sen ánimo de lucro e fundacións que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoién o desenvolvemento das mesmas e da súa actuación, o empoderamento das mulleres e do seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.



Resultando que con data do 12 de xaneiro de 2023, Secretaría informa as bases reguladoras do programa Conectadas para o exercicio 2023, entendendo que a posta en marcha desta liña de subvencións enténdese dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento da igualdade na provincia.

Resultando que con data do 17 de xaneiro de 2023, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para aprobación das citadas bases, e deixa constancia da existencia na aplicación orzamentaria 23/250.2315.227.07 de crédito dispoñible por importe de 323.974,20 € para facer fronte ao gasto, existindo un crédito retido mediante documento R.C. núm. 2023200008834.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Programa Conectadas para o exercicio 2023 e a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras do Programa “Conectadas” para o exercicio 2023

Estas bases figuran co CSV: AW27QOIYEB8RD8YT.

3.32143.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL 2023” (Expte.2022069454)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior a estatal para o ano 2023 na que se convoca o programa DE_A/23 “Clubs deportivos de ámbito inferior a estatal” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 24 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior a estatal para o ano 2023, e que figuran co CSV: E7BD2DLZLSU0D82N.

4.32144.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A UNIÓN RECREATIVA EMPLEADOS DE LA CAJA (URECA) POR “TORNEO ABERTO TENIS FEDERADO – MEMORIAL SUSO RIVAS” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 16/09/2022 (Expte.202226684)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da UNION RECREATIVA EMPLEADOS DE LA CAJA (URECA) con NIF: G36631539, do Concello de Nigrán, por un importe de 711,71 €, para “Torneo Aberto Tenis Federado – Memorial Suso Rivas” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito,



presentado no Rexistro Web nº 2023002881 con data 18/01/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificar todo o orzamento, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

5.32145.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CLUB PIRAGÜISMO VILAGARCÍA POR “XACOBEO – RUTA DOS CRUCEIROS DO ULLA E RUTA CORTEGADA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 16/09/2022 (Expte. 2022026790)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club Piragüismo Vilagarcía* con NIF: G94138484, do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe de 789,63 €, para “*Xacobeo – Ruta dos Cruceiros do Ulla E Ruta Cortegada*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023002823 con data 18/01/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se celebrou dito evento, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

6.32146.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CLUB ESGRIMA CIUDAD DE VIGO POR “ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL – ESGRIMA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 29/07/2022 (Expte.2022034318)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor do *Club Esgrima Ciudad de Vigo* con NIF: G36888543 do Concello de Vigo, por un importe de 440,80 €, para “*Deporte Federado Ámbito Inferior A Nacional (Esgrima)*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.23.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023002854 con data 18/01/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por incompatibilidade coa subvención de ámbito estatal, a cal ten concedida, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7.32147.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte. 2022070641)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a E.P. 8504 FORNO-CERNADAS que transcorre polo termo municipal de Valga pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 6.449 km.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na EP-8504 FORNO-CERNADAS existen dous tramos puntuais nos P.Q. 0+530 e 4+670 que se ven anegados polas crecidas do río Louro, superando o cauce do río a cota da calzada e pasando por enriba da mesma. Con estas crecidas faise imposible a circulación segura por ambos tramos polo que se fai preciso acometer a demolición dos pasos existentes e levar a cabo a execución duns novos pasos que melloren, tanto a capacidade hidráulica do paso, que ata o de agora foi insuficiente, así como a ampliación da plataforma da calzada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria, adosando espazo para o tráfico peonil.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Trinidad López Rodríguez, o proxecto de execución da obra “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” cun orzamento base de licitación de 290.782,29€ IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) Q4AI4P0NTEMA3GS8.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 290.782,29 €, con número de operación 202300006689 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 16/01/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente..”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”



Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, redactado pola enxeñeira adscrita á empresa *Galaicontrol, Trinidad López Rodríguez*, cun orzamento base de licitación de 290.782,29€ IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) Q4AI4P0NTEMA3GS8.

8.32148.- SUSPENSIÓN DA EJECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REPARACIÓN DE CUBERTA E FACHADA NA ZONA DE AULAS DA ESCOLA DE CANTERÍA (CONCELLO POIO)”
(Expte.2021050993)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23/06/2022 acordou adjudicar á empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*”, por un importe de 348.455,80 €, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 02/12/2022 acordou conceder á empresa COVISAM NORTE, S.L., unha prórroga de UN MES E MEDIO na execución do contrato de obras “*Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 20/01/2023.

Resultando.- Que con data 21/12/2022 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre TRINTA (30) DIAS para a finalización do prazo de execución.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/12/2022 acordou Autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras “Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)”, con efectos dende o 21/12/2022.

Resultando.- Que con data 11/01/2023 formalizouse entre o contratista e a directora de obra acta de reinicio das obras, xa que segundo se recolle na citada acta, as previsións meteorolóxicas e as condicións climáticas dos próximos días permitirían continuar cos traballos previstos.

Resultando.- Que con data 16/01/2023 formalizouse entre o contratista e a directora de obra nova acta de paralización, quedando nese intre VINTECINCO (25) DÍAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que as previsións meteorolóxicas mudaron, non sendo posible con choiva realizar labores de selado dos compoñentes da cuberta nin aplicar o material de acabado da fachada, sendo a previsión para os próximos días de choiva. Na acta recóllese que a porcentaxe de obra executada é do 70,54 %, estando pendentes de executar unidades de obra por importe de 102.646,36 €. Xúntase á acta anexo de medicións da obra executada.

Resultando.- Que con data 23/01/2023 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: *Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que as condicións climatolóxicas adversas que se están a producir e que se esperan para os vindeiros días, son incompatibles coas unidades de obra pendentes de executar. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre VINTECINCO (25) DIAS para a finalización do prazo de execución...*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo*



deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras “*Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*”, con efectos dende o 16/01/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizárase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre VINTECINCO (25) DIAS para finalizar a obra.

9.32149.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA “SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022058149)

A Cidade Infantil Príncipe Felipe está rexistrada no *Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais* e conta co permiso de actividades coa tipoloxía de Centro con fogares.

Para o correcto desenvolvemento dos ditos centros con fogares, no que residen menores, é imprescindible levar a cabo a adquisición de múltiples produtos relacionados co aseo e limpeza persoal dos ditos menores así como para a prestación xeral do correcto servizo que se dá dende a cociña xeral, comedor ou servizo médico.

Igualmente, para levar a cabo a correcta prestación dos servizos, a maiores do coidado persoal dos menores, o centro Príncipe Felipe conta, nas súas instalacións, con servizos complementarios tales como, lavandaría, comedor e cociña, cafetería ou ben o servizo médico. A correcta prestación dun bo servizo, tanto no relativo ao coidado persoal dos menores, como o canalizado a través dalgún servizo de Príncipe Felipe, require ter dotación de diversos artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza así como produtos de lavado industrial.

Para o seu normal funcionamento, para o dos servizos que nel se prestan e concretamente, para o dos centros con fogares nos que residen menores, este centro precisa contar con diversos produtos de droguería, aseo persoal e limpeza. Tendo en conta o sinalado, en data 14 de decembro de 2022, a xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, de conformidade coa deputada delegada, propón a contratación da “*Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”.



O contrato proposto ten un prazo de duración de 1 ano, coa posibilidade de dúas prórrogas dunha anualidade cada unha, e un orzamento base de licitación de 65.267,97 euros, distribuído en tres lotes. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Con data 16/01/2023 a Intervención emite documento RC nº 202300008841, polo importe de 27.885,97 euros para o lote 1, documento RC nº 202300008842, polo importe de 18.934,20 € e documento RC nº 202300008843, polo importe de 2.130,81 €. E documento de retención de crédito para exercicios futuros RCFUT1 número 202300013020 polo importe de 9.295,32 euros, para o lote 1; documento de retención de crédito para exercicios futuros RCFUT1 número 202300013021 polo importe de 6.311,40 euros, para o lote 2; documento de retención de crédito para exercicios futuros RCFUT1 número 202300013022 polo importe de 710,27 euros, para o lote 3.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 23/12/2022, e as observacións contidas no mesmo.

Tendo en conta que, con data 16/01/2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministro, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, trámite de urxencia, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 17/01/2023.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.*”

O valor estimado do contrato, acumulado para os tres lotes, é de 194.185,69 €.

O orzamento base de licitación, acumulado para os tres lotes, para un ano de contrato, ascende á cantidade máxima de 65.267,97 euros, conforme ao seguinte detalle:

Lote 1: Artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza, de carácter non industrial, para os servizos do Centro Príncipe Felipe: 37.181,29 €

Lote 2: Produtos de lavado industrial para cociña, cafetería e servizos complementarios: 25.245,60€

Lote 3: Produtos de lavado industrial para lavandería: 2.841,08 €

Os prezos unitarios de licitación, para cada lote, son os establecidos no Anexo I do prego técnico (csv: 0NPT6X0P6XIM7UC3).

Os gastos ocasionados polo transporte dos bens subministrados ata o lugar sinalado para a entrega, serán por conta do subministrador. Igualmente cando se produzan devolucións, serán por conta do subministrador os correspondentes gastos.

O prazo de duración é dun ano desde a data da formalización do contrato, coa posibilidade de dúas dunha anualidade cada unha.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:MHHV69N1TD1WOGQF) e de prescricións técnicas (CSV: 0NPT6X0P6XIM7UC3) que rexerán como lei fundamental do contrato e que obran no expediente.



3.- Autorizar o gasto por importe de 65.267,97 € de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Lote	Meses estimados de contrato	Aplicación orzamentaria	Importe (IVE incluído)
2023	LOTE 1.- Artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza, de carácter non industrial, para os servizos do Centro Príncipe Felipe	9 meses	232.2312.221.10	27.885,97€
2024		3 meses	232.2312.221.10	9.295,32€
2023	LOTE 2 - Produtos de lavado industrial para cocíña, cafetería e servizos complementarios	9 meses	232.2312.221.10	18.934,20€
2024		3 meses	232.2312.221.10	6.311,40€
2023	LOTE 3.- Produtos de lavado industrial para lavandería	9 meses	232.2312.221.10	2.130,81€
2024		3 meses	232.2312.221.10	710,27€

Os importes previstos para os gastos que se deriven do presente contrato no ano 2023 e 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria, así como á aprobación do correspondente orzamento provincial.

O cadro de financiación poderá sufrir variación en relación a data de formalización do contrato.

No obstante, as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.

4.- Nomear responsable do contrato á Ana María Soto Prieto, Xefa de Xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

10.32150.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 FINAL DA OBRA “REFORMA DOS ASEOS DA RESIDENCIA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”, POLO PROCEDUREMTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2022032701)

Por Resolución Presidencial número 2022004943 de data 29/06/2022, adxudícase á empresa Edigrup Global S.L.(B-94.083.854) a obra: “Reforma dos aseos da Residencia Xuvenil do centro Príncipe Felipe”, polo importe IVE engadido de 43.679, 37 € e cun prazo de execución de 45 días.



En data 19/12/2022 a Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, emite informe técnico no que conclúe:

“A empresa adjudicataria Edigrup global S.L. (B-94.083.854), executou os traballos incluídos na “Reforma dos aseos da Residencia Xuvenil do Centro Príncipe Felipe”, respectando o prazo de execución establecido no contrato (45 días) e con estrita suxeición as estipulacións contidas na memoria técnica que sirve de base ao contrato e conforme as instrucións da Directora de obras.”

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación nº 1- final da obra: “Reforma dos aseos da Residencia do centro Príncipe Felipe”, por importe de 43.679,37€, no que recolle a seguinte observación:

“A pesares de que consta no expediente un informe da directora da obra no que expón que as xornadas de traballo totais empregadas para a execución das obras foron exactamente de 45 días, os traballos se executaron fóra do prazo establecido; comezando este a computar dende a acta de comprobación de reformulo, de data 29 de xullo, e rematando o 28 de novembro de 2022, segundo indica tanto a certificación coma o informe da directora da obra.

Conclusión: Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito.”

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Ilma. Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

_Certificación nº 1-final da obra “Reforma dos aseos da Residencia Xuvenil do centro Príncipe Felipe”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
EDIGRUP GLOBAL S.L.		
(B-94.083.854)	23/232.2312.632.03.2022	43.679,03€
SUBTOTAL		43.679,03€
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	1.213,39€
Total descontos	Id.	1.213,39€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		42.465,64€



11.32151.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FARO DE VIGO, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “CONTRATACIÓN DE FARO DE VIGO, S.A.U. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2022”. (Expte.2021056594) (Devogaran 2023002095)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de xaneiro de 2022, adxudicouse o contrato relativo a “Servizos publicitarios con *Faro de Vigo, S.A.U.*, para a anualidade 2022” (Expte. 2021056594).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Faro de Vigo, S.A.U.* (CIF:B-36600815), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 11.260,33€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100246037, de data 23/12/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Faro de Vigo, S.A.U.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U., para a anualidade 2022*” (Expte. 2021056594), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 11.260,33€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/12/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100246037.



12.32152.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LA VOZ DE GALICIA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “CONTRATACIÓN DE LA VOZ DE GALICIA, S.A. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2022” (Expte.2021055620) (Devogaran 2022071310)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2021, adxudicouse o contrato relativo a “Servizos publicitarios con *La Voz de Galicia, S.A.*, para a anualidade 2022” (Expte. 2021055620).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *La Voz de Galicia, S.A.* (CIF.- A-15000649), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 7.024,79€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100243722, de data 21/12/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *La Voz de Galicia, S.A.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A., para a anualidade 2022*” (Expte. 2021055620), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 7.024,79€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/12/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100243722.

13.32153.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L.U., PARA RESPONDER DO LOTE 1 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUCENTE Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (3ª CONVOCATORIA), NO MARCO DO PROXECTO “LABORA 2020”, COFINANCIADO POLO FSE AO 80% NO CONTEXTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE)” (Expte. 2021045563) (Devogaran 2022061326)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2022 (CSV.- E84XSM4DP1364JO3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, cofinanciado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. 2021045563).

Para responder da realización do lote 1 que compuxo este servizo, a empresa *Profesionais da Innovación, Xestión Empresarial e Formación, S.L.U.* (CIF.- B-94.151.513), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta Pago	Data
PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L.U. (B-94.151.513)	1	960,00€	202200050171	10/03/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que a empresa relacionada cumpriu coa execución do respectivo contrato de *servizo*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Profesionais Da Innovación, Xestión Empresarial E Formación, S.L.U.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta De Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 9 do contrato de “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, co-financiado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Núm. 2020045563), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *Profesionais da Innovación, Xestión Empresarial e Formación, S.L.U.*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de novecentos sesenta euros (960,00 €), para responder, do “*Lote 1*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200050171.

14.32154.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., PARA RESPONDER DO LOTES 3, 4, 9 E 10 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUENTE Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (3ª CONVOCATORIA), NO MARCO DO PROXECTO “LABORA 2020”, COFINANCIADO POLO FSE AO 80% NO CONTEXTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE)” (Expte. 2021045563) (Devogaran 2022061326)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2022 (CSV.- E84XSM4DP1364JO3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, co-financiado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. 2021045563).



Para responder da realización do lote 1 que compuxo este servizo, a empresa G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (CIF.- B-36.993.509), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adjudicación de ditos lotes, polos seguintes importes:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (B-36.993.509)	3	814,17€	202200043164	28/02/2022
	4	987,53€	202200043163	28/02/2022
	9	791,90€	202200043179	28/02/2022
	10	789,28€	202200043180	28/02/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que a empresa relacionada cumpriu coa execución do respectivo contrato de *servizo*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes números 3, 4, 9 e 10, do contrato de “*Servizo de Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, co-financiado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. Núm. 2020045563), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVIZOS, S.L.*, por resultar adxudicataria de ditos lotes, que son os seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *TARGO BANK*, por importe de oitocentos catorce euros con dezasete céntimos (814,17 €), para responder, do “*Lote 3*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200043164.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *TARGO BANK*, por importe de novecentos oitenta e sete euros con cincuenta e tres céntimos (987,53 €), para responder, do “*Lote 4*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200043163.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *TARGO BANK*, por importe de setecentos noventa e un euros con noventa céntimos (791,90 €), para responder, do “*Lote 9*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200043179.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *TARGO BANK*, por importe de setecentos oitenta e nove euros con vinte e oito céntimos (789,28 €), para responder, do “*Lote 10*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200043180.

15.32155.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA *SERVICIO BEONE CAMPOLONGO, S.L.*, PARA RESPONDER DO LOTE 6 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “*SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUCENTE Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (3ª CONVOCATORIA)*, NO MARCO DO PROXECTO “*LABORA 2020*”, COFINANCIADO POLO FSE AO 80% NO CONTEXTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE)” (Expte.2021045563) (Devogaran 2022061326)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2022 (CSV.- E84XSM4DP1364JO3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, cofinanciado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. 2021045563).



Para responder da realización do lote 1 que compuxo este servizo, a empresa *Beone Campolongo, S.L.U.* (CIF.- B-70.563.291), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
BEONE CAMPOLONGO, S.L.U. (B-70.563.291)	6	1.599,95€	202200033896	21/02/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que a empresa relacionada cumpriu coa execución do respectivo contrato de *servizo*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Beone Campolongo, S.L.U.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 6 do contrato de “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, co-financiado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. Núm. 2020045563), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *BEONE CAMPOLONGO, S.L.U.*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de mil cincocentos noventa e nove euros con noventa e cinco céntimos (1.599,95 €), para responder, do “*Lote 6*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/02/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200033896.



16.32156.-

DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA *ACADEMIA TRINIDAD, S.L.*, PARA RESPONDER DO LOTE 7 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS QUE INCLÚEN FORMACIÓN CONDUCENTE Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (3ª CONVOCATORIA), NO MARCO DO PROXECTO “LABORA 2020”, COFINANCIADO POLO FSE AO 80% NO CONTEXTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE)” (Expte.2021045563) (Devogaran 2022061326)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2022 (CSV.- E84XSM4DP1364JO3), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, cofinanciado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. 2021045563).

Para responder da realización do lote 1 que compuxo este servizo, a empresa *Academia Trinidad, S.L.* -Big Formación- (CIF.- B-32.379.125), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Data
ACADEMIA TRINIDAD, S.L. (B-32.379.125)	7	1.784,25€	202200032401	17/02/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que a empresa relacionada cumpriu coa execución do respectivo contrato de *servizo*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Academia Trinidad, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 7 do contrato de “*Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria), no marco do proxecto <LABORA 2020>, co-financiado polo FSE ao 80%, no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE)*” (Expte. Núm. 2020045563), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *ACADEMLA TRINIDAD, S.L.*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de mil setecentos oitenta e catro euros con vinte e cinco céntimos (1.784,25 €), para responder, do “*Lote 7*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 17/02/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200032401.

17.32157.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.
(Expte.2022058144)

A Deputación de Pontevedra é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002.

Esta escola infantil, de titularidade provincial, cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, contando cunha elevada demanda por parte da cidadanía.



Para garantir a continuidade do servizo de mantemento e xestión da escola infantil de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil, dado que o actual contrato vencerá o vindeiro 31 de agosto de 2023, con data 1 de decembro do 2022, o servizo de Centro Príncipe Felipe emite informe no que, co visto e prace da deputada delegada, propón a contratación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra, que comprende a atención integral dos nenos e das nenas, tanto nos aspectos educativos, nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación e no Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, como nos aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola, así como a xestión e a administración do centro baixo a coordinación da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo de duración de dous anos, prorrogable dous anos máis, e un orzamento base de licitación de 553.682,10 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 16 de decembro do 2022, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo, especial do anexo IV, e coas especialidades do artigo 312 LCSP para contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, previsto como ordinario no artigo 131.2 LCSP. A versión definitiva desta memoria asinase con data 23 de xaneiro do 2023.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 16 de decembro do 2022, solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral, de data 22 de decembro do 2022.

Visto que con data 22 de decembro do 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 23 de xaneiro do 2023, coas seguintes observacións:

“Respecto da existencia dunhas Bases reguladoras do procedemento de admisión de usuarios na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra para o curso 2023/2024 sinalar que, tanto na providencia de inicio do expediente coma no PCAP, se recolle que: “No relativo ao procedemento de acceso e adjudicación de prazas dos usuarios, sen prexuízo do regulado no ROF Escola Infantil, a Institución provincial tramita, por curso escolar, a correspondente convocatoria anual das Bases reguladoras do procedemento de inscrición e réxime de admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe”.

Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan



referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. “

Visto que con data 6 de xaneiro do 2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300008836, polo importe de 92.280,35 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.227.99 do vixente orzamento provincial. Respecto ás anualidades 2024 e 2025, os gastos que se deriven do presente contrato quedarán condicionados á existencia de existencia de crédito axeitado e suficiente así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obriga a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Tendo en conta o artigo 312 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que regula as especialidades dos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía.

Visto que o réxime xurídico da actividade que se exerce na Escola Infantil recóllese no Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (ROF Escola Infantil), publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 120 de data 25 de xuño de 2021.

No relativo ao procedemento de acceso e adxudicación de prazas das/os usuarios, sen prexuízo do regulado no ROF Escola Infantil, a Institución provincial publicará a correspondente convocatoria anual das Bases reguladoras do procedemento de inscrición e réxime de admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será de dous anos, contados desde a data 1 de setembro do 2023, ou desde a súa formalización, no caso de que esta sexa posterior. Establecese a posibilidade de dúas prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 553.682,10 €.

O valor estimado é de 1.107.364,21 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: HGD4CKJBALDC8F75) e de prescricións técnicas (CSV: DY9C6Q21VKBBTB4K) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 553.682,10 euros, dos cales a cantidade de 92.280,35 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.227.99 do vixente orzamento provincial, e as cantidades de 276.841,05 euros (2024) e 184.560,70 euros (2025) contabilizaranse bas correspondentes aplicacións, que serán, no seu caso, a 24/232.2312.227.99 e 25/232.2312.227.99, quedando condicionado o gasto á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Ana María Soto Prieto, xefa de xestión do servizo Centro Príncipe Felipe.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



18.32158.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023004496, que contén 18 facturas e por un importe de 5.493,32 €, e con CSV: 73ANXUK2HW39CDLI, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/01/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	5.519,35 €
Descontos do IRPF.....	26,03 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	5.493,32 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2023004502, que contén 14 facturas e por un importe de 11.916,65 € e con CSV: 4OFCKT0JAOSIKFN8, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/01/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	11.916,65 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	11.916,65 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



19.32159.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2023004495, que contén 2 facturas e por un importe de 27,88 € e con CSV: GX5B746OVBGZVSGW, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/01/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	33,24 €
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	27,88 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

 20.32160.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A “SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022” (Expte.2022031041)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022 (acordo núm. 4.31493), as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

A Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), concederlle ao Concello de Cerdedo-Cotobade, con CIF: P3600048G, unha achega de 7.273,36 euros (sobre un orzamento de 7.273,36 euros) para o desenvolvemento do proxecto *Mellora e embelecemento do conxunto de lavadoiro e fonte de Castro do Medio*, con cargo á liña B da mencionada convocatoria e á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento Provincial.

Con data 12 de decembro de 2022 (núm. de rexistro WEB2022062588) recibíuse escrito do Concello solicitando a modificación do referido proxecto, documentación que foi completada o día



20 de decembro de 2022 (núm. de rexistro WEB2022064064). De acordo co informe remitido polo Concello, notificáanse os seguintes cambios respecto do proxecto inicialmente presentado, a teor de requirimento de Patrimonio:

“...- Deseño dun novo acceso, dende a rúa, co obxecto de conseguir unha maior adaptación á Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais da Xunta de Galicia. Este novo acceso modifica as medicións das partidas establecidas no proxecto inicial. Ademais créase unha nova partida “02.05 Mamposto de granito moreno” co obxecto de poder nivelar este novo acceso.

- Modifícase o capítulo “03 ACONDICIONAMENTO LAVADOIRO E FONTE” no que se eliminan as actuacións realizadas sobre as xuntas das pedras da fonte e lavadoiro manténdose a partida de limpeza da fonte e lavadoiro, nesta partida modifícase o modo en que se fai dita limpeza adoptando os criterios establecidos en dito requirimento...”.

Tendo en conta que esta solicitude se presentou en prazo e que estes cambios non implican a modificación da contía da subvención concedida, de 7.273,36 euros, ao non modificarse o total do orzamento inicialmente presentado, e visto o informe favorable de Intervención (CSV:0F5YCISJ3UIALNAH), de 19 de xaneiro de 2023, para levar a cabo a dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar esta modificación do proxecto presentado polo Concello de Cerdedo-Cotobade, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

21.32161.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE MORÑA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A “SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTANOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022” (Expte. 2022034428)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022 (acordo núm. 4.31493), as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

A Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), concederlle ao Concello de Moraña, con CIF: P3603200A, unha achega de 9.025,58 euros (sobre un orzamento de 10.096,03 euros) para o desenvolvemento do proxecto *Conservación e restauración da fonte de Santa Xusta e do seu entorno*, con cargo á liña B da mencionada convocatoria e á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento Provincial.



Con data 28 de decembro de 2022 (núm. de rexistro WEB2022065162) recibíuse escrito do Concello solicitando a modificación do referido proxecto. Esta modificación realízase a teor do informe de Patrimonio (exp. 1669/22), segundo o cal, para poder garantir o valor patrimonial sobre o ben, deberanse establecer certas condicións:

“...-Non se permite o emprego de auga a presión sobre ningún dos elementos de pedra que configuran o espazo, incluídos os muros. Realizarase en todo caso de forma manual e sen empregar elementos metálicos, unicamente cepillos de cerdas suaves.

-Non poderán realizarse novos rexuntados, xa que esta intervención, autorizada de forma xeral para a totalidade dos elementos podería supoñer unha gran alteración do conxunto patrimonial. No caso de que sexa preciso realizalos nalgún punto, levarase a cabo unha análise por un técnico especialista en conservación e restauración de bens patrimoniais e achegarase a esta consellería para a súa autorización.

-A reposición das pezas de pedra rotas realizarase con pedra das mesmas características e acabado que as existentes, de cara a manter a uniformidade do ámbito. Limitarase a pezas concretas, non podendo tratarse dunha intervención xeral.

-Finalizadas as obras achegarase unha memoria técnica que documente o proceso levado a cabo e o resultado final das obras...”

Tendo en conta que esta solicitude se presentou en prazo e que estes cambios non implican a modificación da contía da subvención concedida, de 9.025,58 €, ao non modificarse o total do orzamento inicialmente presentado, e visto o informe favorable de Intervención (CSV:4ZD8MDULPNBUPXTA), de 19 de xaneiro de 2023, para levar a cabo a dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar esta modificación do proxecto presentado polo *Concello de Moraña*, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

22.32162.- APROBACIÓN DA LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS ADMITIDOS, SUPLENTES E EXCLUÍDOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA “DEPOEMPRENDE” 2022-2023, NAS MODALIDADES DE PROXECTOS “DEPOEMPRENDE NA ESCOLA”, “DEPOEMPRENDE NA ESO” E “DEPOEMPRENDE NA FP” (Expte.2022050289)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 5 de agosto de 2022 adoptou, entre outros, o acordo nº 7.32034 de aprobación das bases reguladoras e convocatoria dos proxectos DepoEmprende nas modalidades “*DepoEmprende na escola*”, “*DepoEmprende na ESO*” e “*DepoEmprende na FP*” no marco do programa DepoEmprende 2022-2023, dirixida aos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Xunta de Galicia que impartan ensinanzas de Educación Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional da provincia de Pontevedra.

Resultando que con data 10 de agosto do 2022, publícanse as bases reguladoras e convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (núm. 152), indicándose na base sexta como data de fin de prazo para a presentación de solicitudes o 30 de setembro de 2022.



Resultando que unha vez finalizado o prazo de presentación e atendendo a que o número de solicitudes presentadas que cumpren os requisitos esixidos ascende a 10 no programa de “DepoEmprende na escola”, 6 centros para “DepoEmprende na ESO” e 7 centros para “DepoEmprende na FP” sendo en todos os casos menor que o número de prazas ofertadas por proxecto, de acordo coa base décima, non aplicándose deste xeito os criterios de valoración.

Resultando que na base décimo sétima establécese que para a selección dos centros educativos participantes constituirase unha Comisión de selección e seguimento que terá como competencia, entre outros, valorar as solicitudes presentadas. A dita comisión foi constituída por medio de Resolución Presidencial núm. 2022007708 de data 31 de outubro de 2022 e convocada en data 11 de xaneiro aprobando todas as persoas membros da comisión a proposta de centros admitidos.

Resultando que o xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local emitiu informe-proposta de data 20 de xaneiro de 2023 no que, seguindo co desenvolvemento do programa DepoEmprende, propón aprobar a listaxe de centros educativos admitidos, suplentes e excluídos para participar nas diferentes modalidades do programa “DepoEmprende 2022-2023” e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na páxina web institucional da Deputación de Pontevedra.

Resultando que a súa aprobación non ten repercusión económica ningunha para a Deputación de Pontevedra nin leva aparelladas necesidades orzamentarias.

Considerando o establecido na base décimo segunda que recolle que a resolución do procedemento será acordada pola Xunta de Goberno provincial e que este acordo de centros educativos admitidos, suplentes e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra aos efectos de notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a listaxe de centros educativos admitidos, suplentes e excluídos para participar no programa “*DepoEmprende 2022-2023*”, nas modalidades de proxectos “*DepoEmprende na escola*”, “*DepoEmprende na ESO*” e “*DepoEmprende na FP*”:

- Listaxe de centros educativos admitidos, suplentes e excluídos para participar no proxecto “*DepoEmprende na escola*” 2022-2023:

“DepoEmprende na escola”. Centros educativos seleccionados		
1	CPI JULIA BECERRA MALVAR	RIBADUMIA
2	CEIP PLURILINGÜE N° 1 DE TUI	TUI
3	CEIP A XUNQUEIRA 1	PONTEVEDRA
4	CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO	CERDEDO-COTOBADE
5	CEE PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
6	CEEP ACEESCA	PORRIÑO
7	COLEGIO ESTUDIO	NIGRÁN
8	CEE VILAGARCÍA DE AROUSA	VILAGARCÍA
9	CEIP DE TEBRA	TOMIÑO
10	CEE SALADINO CORTIZO	VIGO



“DepoEmprende na escola”. Centros educativos suplentes	
Ningún	

“DepoEmprende na escola”. Centros educativos excluídos	
Ningún	

- Listaxe de centros educativos admitidos, suplentes e excluídos para participar no proxecto “*DepoEmprende na ESO*” 2022-2023:

“DepoEmprende na ESO”. Centros educativos seleccionados		
1	IES ILLA DE SAN SIMÓN	REDONDELA
2	IES PLURILUNGÜE A PARALAIÁ	MOAÑA
3	IES PLURILINGÜE TERRA DE TURONIO	GONDOMAR
4	IES SAN PAIO	TUI
5	IES LUÍS SEOANE	PONTEVEDRA
6	IES A GUÍA	VIGO
“DepoEmprende na ESO”. Centros educativos suplentes		
Ningún		

“DepoEmprende na ESO”. Centros educativos excluídos	
Ningún	

- Listaxe de centros educativos admitidos, suplentes e excluídos para participar no proxecto “*DepoEmprende na FP*” 2022-2023:

“DepoEmprende na FP”. Centros educativos seleccionados		
1	CIFP CARLOS OROZA	PONTEVEDRA
2	IES MANUEL ANTONIO DE VIGO	VIGO
3	POLITÉCNICO DE VIGO	VIGO
4	IES PLURILINGÜE TERRA DE TURONIO	GONDOMAR
5	IES PAZO DA MERCÉ	NEVES, AS
6	IES A GUÍA	VIGO
7	IES MONTECELO	PONTEVEDRA

“DepoEmprende na FP”. Centros educativos suplentes	
Ningún	

“DepoEmprende na FP”. Centros educativos excluídos	
Ningún	



2º.- Publicar a listaxe no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

23.32163.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (Liña 3) (Exppte. 2023004341)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nes casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE GONDOMAR				
Data de presentación:		17/01/2023 (registro WEB2023002647)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>6 peóns servizos varios, 1 auxiliar administrativo/a e 3 condutores a xornada completa durante 9 meses; 2 auxiliares de policía local a xornada completa durante 6 meses e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 4 meses</i>	207.491,68 €	0,00 €	207.491,68 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE GONDOMAR	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	223.178,66 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:**I.- Instrución do expediente:**

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase



proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	13	<i>6 peóns servizos varios, 1 auxiliar administrativo/a e 3 condutores a xornada completa durante 9 meses; 2 auxiliares de policía local a xornada completa durante 6 meses e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 4 meses</i>	207.491,68 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: RNKN2OCBXSWK5FEB) e do informe de Intervención (CSV: ZKDH92QJTC3V6DB2), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Gondomar (CIF P3602100D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	13	<i>6 peóns servizoos varios, 1 auxiliar administrativo/a e 3 condutores a xornada completa durante 9 meses; 2 auxiliares de policía local a xornada completa durante 6 meses e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 4 meses</i>	207.491,68 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do CapítuloII.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

24.32164.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DA GUARDA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (Liña 3) (Expte. 2023004683)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie,



aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.

- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DA GUARDA				
Data de presentación:		20/01/2023 (registro WEB2023003173)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (nº de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	<i>2 axudantes camión lixo a xornada completa durante 8 meses; 10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 7 meses; 1 conserxe e 1 animador/a sociocultural a xornada completa durante 6 meses</i>	158.749,66 €	931,74 €	157.817,92 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA GUARDA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	157.817,92 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase



proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Guarda (P3602300J)	14	<i>2 axudantes camión lixo a xornada completa durante 8 meses; 10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 7 meses; 1 conserxe e 1 animador/ a sociocultural a xornada completa durante 6 meses</i>	157.817,92 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 95TQC39BGHUSE74E) e do informe de Intervención (CSV: NVPDNGXQ2PSCK0N6), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello da Guarda (CIF P3602300J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Guarda (P3602300J)	14	<i>2 axudantes camiión lixo a xornada completa durante 8 meses; 10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 7 meses; 1 conserxe e 1 animador/a sociocultural a xornada completa durante 6 meses</i>	157.817,92 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- O importe restante aboarse unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

25.32165.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE MARÍN AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (Liña 3) (Expte. 2023003303)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPT. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.



- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE MARÍN				
Data de presentación:		12/01/2023 (registro WEB2023001833)		
Data de emenda da solicitude:		17/01/2023 (registro WEB2023002726)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	11 peóns de obras públicas e 3 conserxes a xornada completa durante 6 meses	137.222,52 €	3.266,76 €	133.955,76 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MARÍN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	211.293,67 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:**I.- Instrución do expediente:**

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase



proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Marín (P3602600C)	14	11 peóns de obras públicas e 3 conserxes a xornada completa durante 6 meses	133.955,76 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: DT55OP4O8YDXP5EM) e do informe de Intervención (CSV: 9BRZPIZ7CY5TK2VT), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Marín* (CIF P3602600C) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Marín (P3602600C)	14	11 peóns de obras públicas e 3 conserxes a xornada completa durante 6 meses	133.955,76 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación



sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarse a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



26.32166.-

DAR CONTA DA MODIFICACIÓN NA TÁBOA DA DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO CONECTADAS Á REDE EN DIVERSOS EDIFICIOS DOS MUNICIPIOS DE CALDAS DE REIS, CATOIRA, DOZÓN, FORCAREI E RIBADUMIA”, APROBADA NA XUNTA DE GOBERNO NÚMERO 3.32433 DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2022 XUNTO COA CONCESIÓN DE AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (Expte.2021052801)

I. Antecedentes:

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.
- En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”, asignándolle o rexistro número 202100017465.
- Tras a súa avaliación, en data 09/12/2022, con rexistro de entrada número 2022027497 recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo aos fondos NextGeneration -EU por un importe de 134.065,98 euros, asignándolle o número de proxecto PR-D5000-2021-001085.
- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 30 de decembro de 2022 aprobou entre outros asuntos, a aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” e concesión de axuda comprometida pola Deputación de Pontevedra ao seu abeiro aos concellos beneficiarios.
- O obxecto do proxecto é a instalación de solares fotovoltaicas, é dicir, un sistema de xeración eléctrica que transforma a radiación solar en enerxía eléctrica renovable mediante o efecto fotovoltaico, en edificios e infraestruturas públicas.



- Concretamente as actuacións consisten na:
 - Instalación de 11 solares fotovoltaicas con modalidade de autoconsumo con vertido á rede de excedentes, distribuídas en 5 municipios da provincia de Pontevedra en concreto en Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia.
 - Con esta actuación no concello de Caldas de Reis na casa consistorial a potencia eléctrica da instalación será de 21,76 kW e a súa produción anual estimada será de 26.658 kWh e no polideportivo e na piscina municipal a potencia eléctrica da instalación será de 20,40 kW e a súa produción anual estimada será de 23.876 kWh.
 - Por outra banda, no concello de Catoira, no colexio público integrado a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 12.677 kWh e no pavillón de deportes a potencia eléctrica da instalación será de 5,44 kW e a súa produción anual estimada será de 7.023 kWh.
 - Con respecto ao concello de Dozón, na casa do concello a potencia eléctrica da instalación será de 2,72 kW e a súa produción anual estimada de 3.533 kWh, no centro de saúde a potencia eléctrica da instalación será de 2,72 kW e a súa produción anual estimada de 3.478 kWh, e no albergue a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada de 14.828 kWh/h.
 - No caso do concello de Forcarei, na súa casa do concello a potencia eléctrica da instalación será de 8,16 kW e a súa produción anual estimada será de 10.115 kWh/h.
 - E no concello de Ribadumia, na piscina e no club náutico a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 13.081 kWh/h, na casa da cultura a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 13.227 kWh/h, e por último, no complexo deportivo a potencia eléctrica da instalación será de 16,32 kW e a súa produción anual estimada será de 21.585 kWh/h.
 - Ascendendo así o investimento elixible do proxecto a 159.303,76 euros.
 - As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

Instalacións solares fotovoltaicas II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia				
Municipio	Custo total elixible	Subvención máxima IDAE (85%)	Aportación Deputación de Pontevedra (8% fondos propios)	Aportación Concellos (7% Fondos propios)
Caldas de Reis	55.823,35 €	47.232,83 €	4.465,87 €	4.124,65 €
Catoira	21.564,62 €	17.767,33 €	1.725,17 €	2.072,12 €
Dozón	21.564,62 €	17.767,33 €	1.725,17 €	2.072,12 €
Forcarei	10.759,32 €	9.145,42 €	860,75 €	753,15 €
Ribadumia	49.591,85 €	42.153,07 €	3.967,35 €	3.471,43 €
Totais	159.303,76 €	134.065,98 €	12.744,31 €	12.493,47 €



- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctese na seguinte táboa:

“Instalacións solares fotovoltaicas II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”	
Concepto	Importe
Total presuposto execución material	102.400,00€
Gastos xerais (13%)	13.312,00€
Beneficio industrial (6%)	6.144,00€
Total presuposto execución por contrata obra	121.856,00€
IVE(21%)	25.589,76€
Total presuposto	147.445,76€
Redacción de proxecto e dirección facultativa	9.800,00€
Total custo de execución proxecto elixible (€)	131.656,00€
Total custo de execución proxecto elixible con IVE (€)	159.303,76€

- Co fin de aclarar as porcentaxes sobre as que se obteñen as cantidades das aportacións realizadas por cada entidade, cómpre modificar a táboa da distribución do financiamento quedando como se mostra. É preciso tamén, dar conta á Xunta de Goberno por ser o órgano competente.

Instalacións solares fotovoltaicas II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia					
Municipio	Custo elixible admitido	Custo subvencionable	Subvención máxima do IDAE (85% sobre o custo subvencionable)	Aportación Deputación de Pontevedra de fondos propios (8% fondos propios sobre o custo elixible admitido)	Aportación Concellos (restante con Fondos propios)
Caldas de Reis	55.823,35 €	55.568,04	47.232,83 €	4.465,87 €	4.124,65 €
Catoira	21.564,62 €	20.902,75	17.767,33 €	1.725,17 €	2.072,12 €
Dozón	21.564,62 €	20.902,75	17.767,33 €	1.725,17 €	2.072,12 €
Forcarei	10.759,32 €	10.759,32	9.145,42 €	860,75 €	753,15 €
Ribadumia	49.591,85 €	49.591,85	42.153,07 €	3.967,35 €	3.471,43 €
Totais	159.303,76 €	157.724,71	134.065,98 €	12.744,31 €	12.493,47 €

*Nas medidas 2 e 3, o custo elixible obtívose de acordo ao método de cálculo establecido para cada tipo de instalación no Anexo I do Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto.692/2021, de 3 de agosto.

Polo descrito nos antecedentes, a Xunta de Goberno queda enterada para o seu efectivo coñecemento.



27.32167.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) – (Expte. 2023004699)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA				
Data de presentación:		20/01/2023 (registro WEB2023003211)		
Data de emenda da solicitude:		23/01/2023 (registro WEB2023003423)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>8 operarios/as de servizos múltiples, 1 guía-informador/a turístico/a e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses</i>	106.943,88 €	8.127,15 €	98.816,73 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	98.816,73 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:**I.- Instrución do expediente:**

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso



de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Illa de Arousa (P8600004I)	10	8 operarios/as de servizos múltiples, 1 guía-informador/a turístico/a e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses	98.816,73 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: V9XPZQW1O0E2J3K8) e do informe de Intervención (CSV: 746LY0BSINUSAYTX), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello da Illa de Arousa* (CIF P8600004I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Illa de Arousa (P8600004I)	10	8 operarios/as de servizos múltiples, 1 guía-informador/a turístico/a e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses	98.816,73 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarse a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

28.32168.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE MEIS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte. 2023004365)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPT. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de



concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.

- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE MEIS				
Data de presentación:		19/01/2023 (registro WEB2023002972)		
Data de emenda da solicitude:		23/01/2023 (registro WEB2023003425)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 albanel, 1 electricista, 1 fontaneiro/a e 3 peóns de obras públicas a xornada completa durante 8 meses; 1 pintor/a, 1 carpinteiro/a e 1 peón forestal a xornada completa durante 7,5 meses</i>	116.494,92 €	2.815,37 €	113.679,55 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MEIS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	113.679,55 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase



proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meis (P3602800I)	9	<i>1 albanel , 1 electricista, 1 fontaneiro/a e 3 peóns de obras públicas a xornada completa durante 8 meses; 1 pintor/a, 1 carpinteiro/a e 1 peón forestal a xornada completa durante 7,5 meses</i>	113.679,55 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 6GDPAHBBW8VZ06M7) e do informe de Intervención (CSV: 8L36B64UF2O25O1I), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Meis (CIF P3602800I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meis (P3602800I)	9	<i>1 albanel, 1 electricista, 1 fontaneiro/a e 3 peóns de obras públicas a xornada completa durante 8 meses; 1 pintor/a, 1 carpinteiro/a e 1 peón forestal a xornada completa durante 7,5 meses</i>	113.679,55 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- O importe restante aboarse unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.



h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

29.32169.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

30.32170.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

